

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula no capítulo VI do título I as ensinanzas artísticas elementais e profesionais de música e danza, establecendo o seu ámbito e estrutura e cuxa finalidade é proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música e da danza.

En consonancia co disposto no artigo 6.2 da dita lei, o Goberno fixou no Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, e no Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, os aspectos básicos dos currículos que constitúen as respectivas ensinanzas mínimas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes.

Posteriormente, a Comunidade Autónoma de Galicia estableceu os currículos das mencionadas ensinanzas mediante a aprobación do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música, do Decreto 196/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza, e do Decreto 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza. Os citados decretos, nas súas disposicións derradeiras primeiras, autorizan a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar cantas normas se consideren oportunas para o seu desenvolvemento.

Posteriormente, o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, estableceu o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta o establecido nos anteditos decretos, procede que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desenvolva distintos aspectos relativos á organización e funcionamento dos centros recollidos neles, especialmente os recollidos no título III do Decreto 223/2010, do 30 de setembro.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro, 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo, e das que lle atribúe o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta orde é desenvolver o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta orde será de aplicación aos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza de titularidade da Xunta de Galicia. Así mesmo, tamén será de aplicación aos conservatorios de música e de danza de titularidade das entidades locais, e aos centros privados de ensinanza de música e de danza en todos aqueles aspectos que non contrañan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela.

CAPÍTULO I Documentos de organización

Artigo 3. *Proxecto educativo.*

O proxecto educativo será elaborado, aprobado, avaliado e modificado de acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 223/2010, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4. *Programación xeral anual.*

1. O procedemento de elaboración e contido da programación xeral anual axustarase ao disposto no artigo 45 do Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e ao establecido nesta orde. Así, será elaborada polo equipo directivo e terá en conta as propostas do claustro, as directrices do consello escolar e as propostas que poidan presentar os distintos sectores da comunidade educativa.

2. A programación xeral anual organizarase en varios documentos en soporte electrónico de acordo co disposto no artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010. A elaboración dos distintos documentos farase de xeito gradual en función dos seus contidos, e conformará tres capítulos.

3. O capítulo I da programación xeral anual incluírá as letras a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 45 punto 4.º:

- Obxectivos específicos do conservatorio para o curso académico.
- Medidas para a consecución dos obxectivos propostos e recursos previstos.
- Horario xeral e criterios para a súa elaboración.
- Horario de atención ao público dos diferentes órganos e servizos non docentes do centro.
- Cadro xeral horario de atención tutorial.
- Horario de utilización das instalacións do conservatorio.
- Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación do conservatorio.

Os documentos relativos ao capítulo I remitiranse ao Servizo de Inspección Educativa antes do 30 de setembro.

4. O capítulo II da programación xeral anual estará composto polas letras m) e n) do artigo 45 punto 4.º:

- O documento de organización do conservatorio, que deberá ser cuberto en formato electrónico de acordo coas instrucións que o acompañen.
- As modificacións do proxecto educativo, se é o caso.
- As programacións didácticas dos departamentos elaboradas segundo o disposto no artigo 42.

Os documentos relativos ao capítulo II da programación xeral anual remitiranse ao Servizo de Inspección Educativa antes do 15 de outubro.

5. O capítulo III da programación xeral anual estará formado polos documentos descritos nas letras f), g), h), i) e j) do artigo 45 punto 4.º:

- Listaxe do profesorado do conservatorio que participa en programas de innovación educativa, se é o caso, con mención expresa dos ditos programas e as datas correspondentes.

- Programa anual de formación do profesorado.
- Programa de promoción da lingua galega.
- Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.
- Plan de autoprotección, modificacións, se é o caso, ou a observación de que segue vixente.

Os documentos relativos a este capítulo serán remitidos á Inspección Educativa antes do 15 de novembro.

5.1. Programa anual de formación do profesorado.

a) Para dar cumprimento ao establecido no artigo 7.4. h) do Decreto 223/2010, o programa anual de formación do profesorado será elaborado pola persoa responsable da vicedirección, tendo en conta as propostas do claustro e da comisión de coordinación pedagóxica, así como as actividades de formación organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Cando a formación se realice en función das necesidades expresadas polo profesorado do conservatorio, recollerase o horario, a secuenciación e a temporalización das accións específicas en que participe o centro (grupos de traballo, seminarios permanentes, proxectos de formación e asesoramento en centros, así como calquera outra acción formativa que teña lugar no centro), así como a relación de participantes en cada unha delas.

5.2. Programa de promoción da lingua galega.

a) O programa de promoción de lingua galega axustarase ao disposto no artigo 44 do Decreto 223/2010, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

b) Os aspectos económicos do programa de promoción da lingua galega serán recollidos pola persoa coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega nun anteproxecto económico, que constará de dúas partes. A primeira parte fará referencia ao período inicial do curso ata o mes de decembro, e nela terase en conta o orzamento anual xa aprobado.

Esta parte deberá entregarse á dirección antes do 30 de setembro. A segunda parte, que será sometida á consideración da dirección co fin de que se inclúa, se procede, no seu anteproxecto de orzamento do centro, recollerá as actividades previstas desde xaneiro a final do curso e terá en conta a estimación económica que o equipo directivo estableza con base nas previsións económicas do orzamento do ano seguinte. Esta parte deberá entregarse á dirección antes do 15 de decembro.

5.3. Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas.

a) Considéranse actividades culturais e de promoción das ensinanzas aquelas que, formando parte da programación xeral anual, teñen carácter diferenciado pola organización, temporalización, espazos ou recursos que utilizan. Estas actividades serán de dous tipos:

- Complementarias: así cabe considerar as audicións públicas, ou outras actividades análogas, realizadas no centro e no horario lectivo do centro.
- Extraescolares: así cabe considerar as actuacións fóra do horario e espazo lectivo, visitas, viaxes de estudo, conmemoracións e outras actividades análogas.

b) Correspóndelle ao equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas a elaboración do programa destas actividades. Este programa deberá redactarse durante o mes de setembro, e incluírá a relación secuenciada e temporalizada das actividades definidas na letra a) anterior.

c) A programación de actividades culturais e de promoción das ensinanzas poderá ser modificada ao longo do curso coa inclusión de novas actividades, sempre coa aprobación do consello escolar. As modificacións na programación faranse constar expresamente na memoria anual á que se refire a letra e) seguinte.

d) Os aspectos económicos do programa de actividades culturais e de promoción das ensinanzas serán recollidos pola persoa coordinadora do equipo nun anteproxecto económico, que constará de dúas partes. A primeira parte fará referencia ao período inicial do curso ata o mes de decembro, e nela terase en conta o orzamento anual xa aprobado. Esta parte deberá entregarse á dirección antes do 30 de setembro. A segunda parte, que será sometida á consideración da dirección co fin de que se inclúa, se procede, no seu anteproxecto de orzamento do centro, recollerá as actividades previstas desde xaneiro ao final do curso e terá en conta a estimación económica que o equipo directivo estableza con base nas previsións económicas do orzamento do ano seguinte. Esta parte deberá entregarse á dirección antes do 15 de decembro.

e) Correspóndelle ao equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas a elaboración dunha memoria anual final que avaliará as actividades realizadas, de acordo co disposto no artigo 35 punto 4.º letra f) do Decreto 223/2010.

f) A participación do alumnado nas actividades culturais e de promoción das ensinanzas ten carácter voluntario e, no caso do alumnado menor de idade, requirirá autorización previa por escrito dos pais, nais ou titores/as do alumnado se se van desenvolver fóra do conservatorio. No suposto de que esta autorización non sexa outorgada ou de que haxa alumnado menor de idade que non desexe participar, a dirección arbitrará o xeito máis conveniente de atender a este alumnado que non participe na actividade.

g) Os conservatorios poderán recibir, pola realización de actividades culturais e de promoción das ensinanzas, achegas de distintas institucións ou asociacións para a realización das actividades, que en ningún caso se poderán realizar en detrimento das actividades inherentes ao currículo oficial nin ter un contido idéntico ao dunha ensinanza oficial do currículo.

h) Sen prexuízo do disposto na letra g) anterior, as actividades complementarias poderán ter carácter avaliatorio segundo se teña disposto nas correspondentes programacións docentes.

5.4. Plan de autoprotección.

a) Todos os conservatorios deberán contar co seu correspondente plan de autoprotección. Para a elaboración deste documento, as direccións dos centros terán autonomía para establecer as directrices de traballo que van seguir.

b) O documento será presentado ao claustro e aprobado polo consello escolar. Unha vez aprobado polo consello escolar, deberá remitirse unha copia do plan de autoprotección á xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e aos servizos de protección civil da localidade en que se atope o conservatorio.

c) Os servizos de Inspección velarán por que todos os conservatorios dispoñan do seu plan de autoprotección. Os conservatorios deberán levar a cabo un simulacro de evacuación polo menos unha vez ao ano, do que deberá deixar rexistro para a súa incorporación no propio plan de autoprotección.

Artigo 5. *Proxecto de xestión.*

1. O proxecto de xestión axustarase ao disposto no artigo 48 do Decreto 223/2010.

2. O proxecto de xestión dos conservatorios recollerá a ordenación e utilización dos recursos do centro e preverá, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Criterios para a elaboración do orzamento anual do conservatorio e para a distribución dos ingresos entre as distintas partidas de gasto.

b) Plan anual de ordenación e utilización do orzamento do conservatorio, que se elaborará de acordo co disposto na normativa vixente relativa á xestión económica dos centros docentes públicos en niveis non universitarios.

c) Medidas para a conservación e renovación das instalacións e do equipamento.

d) Criterios para a obtención de recursos complementarios pola prestación de servizos distintos dos gravados por prezos públicos, como outros fondos procedentes de entidades públicas, privadas ou particulares, que deberán ser aplicados aos gastos de funcionamento do conservatorio e que non poderán proceder das actividades desenvolvidas polas asociacións de pais e nais ou de alumnado no cumprimento dos seus fins.

e) Procedementos para a elaboración e actualización anual do inventario xeral do centro.

f) Criterios para unha xestión sustentable dos recursos do conservatorio e dos residuos que xere, que, en todo caso, será eficiente e compatible coa conservación do medio.

g) Calquera outro aspecto relativo á xestión económica do conservatorio non previsto na normativa vixente, a que, en todo caso, deberá supeditarse.

Artigo 6. *Memorias anuais.*

1. Memoria anual do conservatorio.

A memoria anual do conservatorio será elaborada polo equipo directivo de acordo co establecido no artigo 46 do Decreto 223/2010, e deberá ser remitida ao Servizo de Inspección Educativa antes do 10 de xullo do ano correspondente.

A memoria anual do conservatorio incluírá, ademais do indicado no citado artigo, como mínimo os puntos seguintes:

- Avaliación interna da xestión do centro, de acordo co procedemento que se estableza para o efecto.
- Actividade dos órganos colexiados de goberno.

- Actividade dos órganos de coordinación docente: departamentos didácticos e comisión de coordinación pedagóxica, equipo de dinamización da lingua galega, equipo de actividades culturais e de promoción das ensinanzas, coordinación do grao elemental, coordinación das tecnoloxías da información e comunicación, e coordinación da biblioteca, segundo se establece no Decreto 223/2010, nos seus artigos 31, 33, 35, 37 e 38.

- Memoria de xestión económica, desviacións orzamentarias, orzamentos extras e outros, de acordo co procedemento que se estableza para o efecto.

- Propostas de mellora para a programación xeral anual do curso seguinte.

2. Memoria final dos departamentos didácticos.

Á vista das actas, e logo das avaliacións da convocatoria ordinaria, a persoa responsable da xefatura de departamento redactará unha memoria en colaboración co profesorado, que recollerá, entre outros, os seguintes puntos:

- Actas das reunións de departamento e das reunións de coordinacións de curso.
- Seguimento das programacións didácticas.
- Xustificación das modificacións introducidas na programación didáctica durante o curso, se é o caso.
- Análise dos resultados de avaliación do alumnado.
- Propostas de revisión da programación didáctica.

CAPÍTULO II Horarios

Artigo 7. *Horario da actividade lectiva.*

Os conservatorios poderán organizar a súa actividade lectiva entre as 8.00 e as 22.00 horas de luns a venres.

Artigo 8. *Horario do profesorado.*

1. A xornada laboral dos/as funcionarios/as docentes será a establecida con carácter xeral para os/as funcionarios/as públicos/as adecuada de acordo co disposto na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as

ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e coas adecuacións contempladas nesta orde.

2. O horario de dedicación a actividades no conservatorio será de 30 horas semanais, de acordo co calendario escolar que anualmente establece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Destas 30 horas semanais, 23 serán de presenza obrigada na escola.

3. Estas 23 horas organizaranse da seguinte maneira:

a) Con carácter xeral, o horario lectivo semanal de cada docente será de 18 horas; en ningún caso poderán superar as 20 horas de docencia directa.

b) A distribución deste horario será de luns a venres.

c) A xornada de actividade lectiva será de un mínimo diario de 2 horas e un máximo de 5.

d) O horario de cada docente terá unha hora semanal para a atención ao seu alumnado, ou a pais, nais ou titores/as legais; esta hora realizarase en horario de tarde.

e) O horario de cada docente terá unha hora semanal destinada á reunión do departamento ao que pertence.

f) Os/As docentes en funcións unicamente de pianistas acompañantes substituirán a titoría por unha hora deste servizo.

g) As horas restantes que resulten unha vez asignada a docencia, e ata completar as 23 de presenza obrigada semanal no centro, serán asignadas pola dirección ás seguintes funcións:

- Clases colectivas da especialidade instrumental.
- Gardas de atención de alumnado.
- Gardas de biblioteca para atención dos/as usuarios/as.
- Reforzo educativo.
- Funcións relacionadas coas coordinacións ou dinamizacións existentes no conservatorio.

4. As restantes horas ata completar as 30 de dedicación ao conservatorio, seranlle computadas mensualmente a cada docente pola xefatura de estudos por:

a) Reunións de departamento por adscrición.

b) Participación nas reunións dos órganos de goberno e dos diferentes órganos de coordinación docente, excepto nas dos departamentos didácticos computadas dentro das 23 horas semanais presenciais fixas.

c) Participación na elaboración das diferentes probas.

d) Organización e participación en actividades culturais e de promoción das ensinanzas aprobadas no programa anual correspondente.

e) Titoría de profesorado en prácticas.

f) Traballo en equipos docentes de proxectos institucionais en que participe o conservatorio.

5. O horario semanal que exceda do establecido para actividades no centro dedicarase:

a) Á preparación das actividades docentes, tanto lectivas como non lectivas.

b) Ao perfeccionamento profesional, que poderá incluír:

- A asistencia a actividades de formación programadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou outras aprobadas pola Inspección Educativa.

- A participación noutras actividades autorizadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa considerando as necesidades formativas dos diferentes colectivos profesionais no contexto social do conservatorio.

c) En xeral, á atención dos deberes inherentes á función docente.

6. A permanencia mínima diaria de cada docente no centro non será inferior a 3 horas de luns a venres.

7. O profesorado de garda terá as seguintes funcións:

a) Atender o alumnado menor de idade en caso de ausencia do/a respectivo/a docente.

b) Facer gardar a orde e bo funcionamento do centro nos corredores e espazos do centro.

c) Resolver no acto cantas incidencias do alumnado se produzan durante a xornada lectiva, comunicándoo a calquera dos membros do equipo directivo presente no centro, ou na súa ausencia, rexistrando a incidencia no libro de gardas e tomando as medidas que considere máis oportunas para o bo funcionamento do centro.

d) Calquera outra que se recolla nas normas de funcionamento do centro.

Artigo 9. *Reducións horarias do profesorado.*

1. Órganos de goberno unipersoais.

As persoas responsables da dirección, vicedirección, xefatura de estudos e secretaría poderán reducir o número de horas lectivas para dedicación ao cargo, segundo o número de docentes do centro:

- Nos conservatorios con 60 ou máis docentes: ata 12 horas.
- Nos conservatorios entre 20 e 59 docentes: ata 9 horas.
- Nos conservatorios con menos de 20 docentes: ata 6 horas.
- A persoa coordinadora do grao elemental terá unha redución horaria para dedicación a estas funcións de ata 3 horas lectivas.

2. Órganos de coordinación docente.

a) As xefaturas de departamento terán unha redución de ata 3 horas semanais.

b) A coordinación do equipo de dinamización da lingua galega terá unha redución de 3 horas semanais.

3. No caso de que un/unha docente exerza máis dun cargo, as reducións establecidas neste artigo non poderán ser acumulables.

4. Calquera modificación horaria que implique unha alteración dalgunha destas instrucións requirirá a autorización expresa e motivada da Inspección Educativa, dentro das dispoñibilidades de profesorado do centro.

Artigo 10. *Elección de horarios.*

1. Os horarios serán elaborados pola xefatura de estudos, co resto do equipo directivo, tendo en conta criterios pedagóxicos que teñan sido aprobados polo claustro con anterioridade á elaboración do cadro xeral docente, e de acordo cos seguintes puntos:

- A distribución debe facilitar o mellor aproveitamento dos espazos dispoñibles no centro nas distintas franxas horarias.
- A adscrición da docencia aos departamentos atenderá ás disposicións normativas, así como aos criterios que se teñan aprobado de acordo co disposto no artigo 23, punto 3.º do Decreto 223/2010.
- De acordo co previsto no citado artigo 23 do Decreto 223/2010, aos departamentos didácticos pertence o profesorado que imparte as especialidades que corresponden ás materias propias do departamento. Así mesmo, ao departamento adscribíense todos/as os/as docentes que imparten algunha materia nel, con independencia da súa pertenza a outro departamento, para tal efecto fixaranse horas de reunión que permitan a asistencia de todos os seus membros.
- Para os efectos de favorecer, na medida do posible, a simultaneidade destas ensinanzas coas de réxime xeral, os conservatorios realizarán a distribución dos grupos tendo en conta as solicitudes do alumnado no momento da matrícula.
- A docencia do grao elemental impartirase en horario de tarde.

2. Nos horarios xerais do conservatorio recolleranse, cando menos, a situación, en días e horas, das respectivas clases, así como as horas de garda que se establezan.

3. Na primeira semana de setembro, a dirección convocará o claustro específico de repartición da docencia, no cal a xefatura de estudos lles comunicará ás xefaturas dos departamentos:

a) Os horarios xerais do centro.

b) A docencia que ten asignada cada departamento, con indicación dos grupos e materias. Para os efectos de consideración de grupos, nas materias con ratio 1/1, un alumno ou alumna ten a consideración dun grupo.

c) Os espazos e situación horaria de que dispón o departamento para o desenvolvemento da docencia, segundo se dispoñan nos horarios xerais.

4. Inmediatamente despois do antedito claustro, cada departamento reunirse en sesión extraordinaria para proceder á repartición da docencia entre os seus membros. Na dita reunión redactarase a acta, que será asinada por todos os membros que constitúan nese momento o departamento; ao final da reunión cada departamento entregará copia da acta co resultado da elección de horarios á xefatura de estudos.

5. A distribución da docencia realizarase preferentemente por consenso. No caso de non existir este, o profesorado elixirá en cada departamento a docencia en sucesivas roldas, escollendo en cada quenda un grupo, e na seguinte orde:

a) Persoal que accedeu ao centro en virtude de procedementos de provisión de postos de traballo convocados con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 140/2006, do 31 de agosto:

i) Persoal docente con maior número de anos de servizo efectivo como funcionario ou funcionaria de carreira nos corpos docentes con competencia docente no nivel educativo, con destino definitivo no centro.

ii) Persoal docente con maior antigüidade con destino definitivo na praza.

iii) O ano máis antigo de ingreso no corpo.

iv) A maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

b) Persoal que accedeu ao centro en virtude de procedementos de provisión de postos de traballo convocados con posterioridade á entrada en vigor do Decreto 140/2006, do 31 de agosto:

i) Persoal docente con maior antigüidade con destino definitivo na praza.

ii) Persoal docente con maior número de anos de servizo efectivo como funcionario ou funcionaria de carreira nos corpos docentes con competencia docente no nivel educativo.

iii) O ano máis antigo de ingreso no corpo.

iv) A maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

6. Para a distribución da docencia correspondente ás materias de piano, piano complementario e piano acompañante, todos/as os/as docentes que teñan docencia nestas

materias se reunirán en sesión conxunta e extraordinaria a estes únicos efectos como un único departamento, baixo a presidencia do xefe ou xefa do departamento de tecla, e de non pertencer este a ningunha destas especialidades, baixo a presidencia do xefe ou xefa de departamento de piano acompañante. Para a repartición da docencia buscarase prioritariamente o consenso. No caso de que non houberse consenso, procederase á repartición por roldas, segundo o disposto no punto 5 anterior; neste caso, terase en conta o seguinte:

a) Os/As titulares da especialidade de piano acompañante terán a obrigatoriedade de cubrir o seu horario con esta función. Para este fin, antes de proceder ao sistema de roldas, asignaráselles as horas docentes ata completar o seu horario.

b) Os/As titulares da especialidade de piano con anterioridade á entrada en vixencia do Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, terán preferencia para cubrir o seu horario con docencia de piano. Para este fin, na sucesiva aplicación do sistema de roldas, reservaráselles os grupos que se precisen de xeito que poidan completar o seu horario con docencia exclusivamente de piano.

7. Os departamentos aos cales se lles teña asignada docencia das materias propias do departamento de conxunto procederán a asignar esta docencia aos/ás docentes que corresponda, segundo o procedemento seguido para a asignación de grupos. Unha vez asignada a docencia ao profesorado, este reunirse constituíndo o departamento de conxunto, baixo a presidencia do xefe ou xefa deste departamento, e procederá á distribución dos grupos segundo o procedemento establecido.

8. Como norma xeral, un/unha docente non impartirá máis de dúas materias que teñan carácter de afíns á propia ou propias da súa especialidade. No caso de docentes que impartan materias afíns, tenderase a que non superen as 18 horas lectivas.

9. No caso de proceder polo sistema de roldas, non se poderán elixir materias afíns ao departamento en canto non sexan distribuídos todos os grupos correspondentes ás materias propias do departamento.

10. Para a asignación das titorías nas ensinanzas de música, estas recaerán no/a docente que lle imparta a ensinanza instrumental. Nas ensinanzas de danza, a titoría de cada grupo será desempeñada por un profesor ou profesora con docencia nese grupo.

11. Unha vez distribuída a docencia e, en calquera caso, no prazo máximo de 24 horas logo do remate do claustro específico de repartición da docencia, os xefes e xefas de de-

partamento chegarán á xefatura de estudos o resultado desta, mediante acta. No caso de haber votos particulares discrepantes, faranse constar na acta para os efectos oportunos. En ningún caso, a existencia de votos discrepantes será causa do non cumprimento destes trámites e prazos por parte dos xefes e xefas de departamento.

12. Comunicada a elección de grupos, materias e, se é o caso, ocupación de espazos, a xefatura de estudos procederá a elaborar a proposta de horarios completos do profesorado, respectando os criterios pedagóxicos establecidos polo claustro.

13. A aprobación provisional dos horarios do profesorado correspóndelle á dirección da escola, que os remitirá á Inspección Educativa para a súa autorización nos primeiros dez días de setembro. No caso de non autorizalos, a Inspección devolverá os horarios á escola para que se realicen as correspondentes modificacións no prazo de 5 días.

Artigo 11. Cumprimento do horario por parte do profesorado.

1. O control do cumprimento do horario e da asistencia do profesorado corresponde á xefatura de estudos.

2. As 23 horas de presenza semanal no conservatorio terán o carácter de lectivas para os efectos de asistencia e permisos.

3. A persoa responsable da dirección do conservatorio deberá enviar á Inspección Educativa e publicar no taboleiro de anuncios para o profesorado, antes do día 5 de cada mes, os partes de faltas relativos ao mes anterior. No modelo que para tal efecto se estableza incluíranse as ausencias ou faltas de puntualidade de acordo co horario persoal da persoa interesada en cada caso, con independencia de que estea ou non xustificada a ausencia. Os xustificantes e solicitudes debidamente cubertos e asinados polo profesorado correspondente quedarán no conservatorio á disposición da Inspección Educativa.

4. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, todas as faltas de asistencia ou puntualidade non xustificadas serán comunicadas pola dirección, no prazo de sete días despois de se produciren, á xefatura territorial, co fin de proceder á oportuna dedución de haberes, logo de audiencia da persoa interesada, ou, se for o caso, para iniciar a tramitación do oportuno expediente. Da dita comunicación darase conta por escrito simultaneamente á persoa interesada.

5. Cando a Inspección Educativa constate algún incumprimento por parte da persoa que exerza a dirección, ou de calquera membro do equipo directivo, das responsabilidades que esta orde lles confire no control de asistencia do profesorado, sexa por non enviar o parte de faltas, por facelo fóra de prazo, ou por non realizar as notificacións correspondentes ás cales se refire o punto anterior, comunicarao á xefatura territorial para que actúe en consecuencia.

6. A solicitude e concesión, se procede, dos permisos e licenzas do persoal docente seguirá o disposto na normativa específica vixente.

Artigo 12. *Horario do alumnado.*

1. O horario semanal das clases colectivas do alumnado será o que corresponda segundo a súa adscrición aos grupos previstos no horario xeral do conservatorio.

2. Para a distribución do alumnado nas clases colectivas teranse en conta os seguintes criterios.

a) O centro deberá respectar, na medida do posible, a dispoñibilidade do alumnado en relación coas súas obrigas no ensino xeral non universitario.

b) Idade do alumnado en relación coa adecuación aos horarios do conservatorio.

c) Minimización do número de días que o alumno ou alumna debe acudir ao conservatorio, agás no caso de materias que pola súa natureza aconsellen o contrario, para o que se deberá ter disposto nos criterios pedagóxicos de elaboración de horarios aprobados polo claustro.

d) Calquera outro aprobado polo claustro do centro, sen prexuízo dos anteditos.

3. Os conservatorios establecerán un procedemento de información sobre as ausencias do persoal docente, atención ao alumnado menor de idade e criterios para as substitucións das ausencias do persoal non docente.

4. Para a elección dos horarios das clases de ratio 1/1, procederase do seguinte xeito:

a) Unha vez repartida a docencia nos departamentos, a xefatura de estudos procederá a facer público nos taboleiros do centro dispostos para o efecto as listaxes de grupos asignados a cada docente, xunto coa súa dispoñibilidade horaria, de acordo coa distribución de materias e espazos que se teña definido desde a xefatura de estudos e acordado no departamento, se é o caso.

b) No acto de presentación do alumnado, este procederá a escoller horario dentro da dispoñibilidade do/a docente asignado/a.

c) Corresponde a cada centro establecer o procedemento e os criterios de prelación para elección de horarios por parte do alumnado no acto de presentación, mediante acordo do consello escolar.

5. O alumnado será informado coa antelación suficiente da realización daquelas actividades complementarias que teñan a consideración de avaliáveis, e fosen recollidas e aprobadas na programación xeral anual do centro, de acordo co procedemento establecido para a elaboración e modificación deste documento. De ser o caso, a ausencia a estas actividades terá o mesmo tratamento para os efectos de xustificación que as actividades lectivas.

Disposición adicional única.

Respecto da estrutura de departamentos disposta nesta orde, terase en conta o seguinte:

a) O xefe ou xefa do departamento de tecla será proposto/a de común acordo polos/as docentes que pasan a integrarse neste departamento, de entre os/as xefes/as de departamento de piano, piano complementario e piano acompañante actualmente nomeados/as.

b) No caso de departamentos de nova creación, a dirección propondrá o nomeamento do xefe ou xefa de departamento que corresponda, segundo o procedemento establecido.

Disposición derogatoria única.

Quedan sen efectos cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Quedan autorizados/as os/as titulares das direccións xerais de Centros e Recursos Humanos e de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar todos os actos e medidas que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de setembro de 2011.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria